



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE AGOSTO DE 2013**

### **LICENZAS**

**LIC/1353/2008.- CONSUELO MARTÍNEZ SEXTO.- Aceptación de cesión de terreos.**

**2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación definitiva da axuda para vivendas da Área de Rehabilitación Integral do Casco Histórico, incluídas na 12ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Anualidade 2013.**

Apróbanse axudas por un importe de 43.261,19 euros, dos que 24.615,62 euros son achegados polo Ministerio e o resto polo IGVS. Anualidade 2013.

**3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación definitiva da axuda para a vivenda da Área de Rehabilitación Integral de Vista Alegre, incluídas na 5ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Anualidade 2013.**

Apróbanse axudas por un importe de 10.560 euros, dos que 5.280 euros son achegados polo Ministerio e o resto polo IGVS.

**4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial de axudas para vivendas da Área de Rehabilitación Integral de Pontepedriña, incluídas na 3ª fase do Convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Anualidade 2014.**

Apróbanse axudas por un importe de 39.088,46 euros, dos que 19.544,24 euros son achegados polo Ministerio e o resto polo IGVS.

**5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial de axudas para vivendas da Área de Rehabilitación de Casco Histórico, incluídas na 13ª fase do Convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Anualidade 2014.**

Apróbanse axudas por un importe de 173.552,43 euros, dos que 98.635,55 euros son achegados polo Ministerio e o resto polo IGVS. Anualidade 2014.

**6.- Proposta da alcaldía relativa á xustificación da subvención nominativa á Fundación Eugenio Granell. Ano 2012.**

Apróbase a devandita xustificación económica, por 140.000 euros, unha vez presentada a documentación requirida Segundo o texto do convenio. Este trámite é imprescindible para poder tramitar o pago da subvención correspondente ao ano 2013, que terá un importe de 126.000 euros.

### **URXENCIAS**

1. Apróbase a obra de restauración do teito da capela de San Roque, en Sabugueira (Lavacolla), por un importe de 20.570 euros e un prazo de execución de 3 meses.